



Encontros de Mariñán
7ª RESIDENCIA DE ARTISTAS EMERXENTES
Pazo de Mariñán - 15 a 19 de xuño de 2026



CENTRO: EASD RAMÓN FALCÓN

- NOME E APELIDOS: **SARA OURO**
- NOME E APELIDOS: **PAULA PORTO**
- NOME E APELIDOS: **HUGO COSTA BOUBETA**
- NOME E APELIDOS: **MARIA DEL CARMEN GLEZ BERMÚDEZ**

FOTOSINTESE

O proxecto FOTOSÍNTESI explora a relación entre luz, imaxe e materia a través dun proceso artístico interdisciplinar que combina fotografía analóxica e cerámica.

A idea é construír unha cámara estenopecica de cerámica para realizar as fotografías da convivencia. As imaxes obteranse en negativo sobre placas de vidro. Despois, eses negativos utilizaranse para transferir a imaxe á vaixela de cerámica previamente emulsionada con cianotipia.

A luz fórmulase como elemento fundamental tanto no plano técnico como no conceptual. Por unha banda, a fotografía depende directamente da luz para existir; pola outra, a porcelana, material elixido como soporte, caracterízase pola súa translucidez, permitindo que a luz atravesase as pezas e modifique a percepción da imaxe.

O proxecto non se formula como unha obra completamente pechada antes da residencia, senón como un proceso aberto que se completa durante a convivencia no Pazo de Mariñán.

O resultado final materialízase na disposición dunha mesa composta pola vaixela intervinda, xerando unha instalación que remite directamente ao acto de convivir. A mesa funciona como símbolo de encontro, memoria e experiencia colectiva.

CENTRO: EASD ANTONIO FAILDE

NOME E APELIDOS: DUNIA LÓPEZ SILVA

Fotografía

PROXECTO

Baseado no tema de “Luz, espazo e instante”, o meu proxecto consta dunha serie de imaxes e/ou vídeos nos que, coa axuda do corpo humano e os seus movementos, se xoga coa luz e, mediante algún rexistro de movemento, se capta o instante da acción.

Para a realización das tomas, precísase a colaboración de bailaríns ou de persoas con certo nivel de flexibilidade e control corporal.

Combinaranse tomas en interiores pouco iluminados con puntos de luz en movemento, cálidos ou complementarios, con tomas en exteriores con luz natural intensa do solpor/anoitecer, tamén coa axuda doutros puntos de luz, xogando co movemento destes puntos artificiais, incluso con rexistros.

Buscarase unha estética dinámica nas tomas, experimentando cos tons para lograr desde unha impresión de modernidade ata a nostalxia.

Por outra banda, no referente á imaxe dos bailaríns/colaboradores, serán anónimos, polo menos en todas aquelas tomas nas que se lles poida ver a cara. Empregaranse máscaras estrañas, que remitan a marionetas ou a caveiras doutros animais, como na imaxe tomada por José Suárez.

Con este proxecto pretendo procurar as sensacións máis estrañas e incluso descolocar o espectador, provocando unha mestura de sensacións que a xente non saiba nin identificar como agradables ou incómodas, por medio desa experimentación persoal e introspectiva que permiten o baile e a luz.

CENTRO: EASD ANTONIO FAILDE

NOME E APELIDOS: CONSTANZA FERNÁNDEZ TREDINICK

Ebanistería artística

PROXECTO

O concepto

A miña proposta non é só un obxecto; a idea é expresar á miña maneira como miraba José Suárez a través do foco da súa cámara. Tal e como mostra no seu traballo na exposición do Centro Cultural Marcos Valcárcel, José Suárez (Pepe) capta a alma do traballo manual e a xeometría do cotián. Por iso, a proposta xira arredor da Luz e do Espazo. Non trato a luz como algo que simplemente “ilumina”, senón como a ferramenta que revela o que hai aí fóra.

É unha escultura funcional: serve para ser utilizada, si, pero sobre todo está pensada para ser observada, unindo ese espírito atlántico noso co minimalismo xaponés que tanto marcou a José Suárez.

De onde vén a idea?

A forma da obra non é casualidade. Nace da mestura das súas experiencias:

O mar e a terra: as redes dos mariñeiros e as cestas tradicionais. O deseño imita ese entrelazado, procurando a forza da cestería de toda a vida.

A pegada do Xapón: inspiroume a súa visita e vivencia no Xapón. Trato de atopar ese equilibrio onde non sobra nin falta nada, onde a función non estraga a forma, facendo especial fincapé na iluminación e no xogo coas sombras.

Materiais con sentido. **Escollín materiais naturais, que se senten reais ao tacto:**

- **Freixo europeo:** é a columna vertebral da peza. Escollino por ser flexible pero resistente, e porque a súa veta clara xoga marabillosamente coa luz.
- **Liño natural:** para a pantalla. Tamiza a luz dun xeito que lembra ás velas dos barcos e ás lámpadas xaponesas.

- **Que é:** basicamente, iluminación de autor que funciona como unha escultura.
- O que busco conseguir

Ao final, o que quero é que se debuxen sombras. É a miña maneira de render tributo ás fotografías en branco e negro de Suárez. A estrutura de freixo funciona como unha rede que “atrapa” a luz, convertendo calquera recuncho nun lugar pausado..

CENTRO: EASD ANTONIO FAILDE

NOME E APELIDOS: PAULA GOSENDE ROO

Deseño Gráfico

PROXECTO: Luces de Mariñán

Que vou crear?

A idea principal do meu proxecto parte do teatro de sombras, tomando como inspiración o Pazo de Mariñán e a súa contorna, así como a obra do fotógrafo José Suárez e o concepto de luz, espazo e instante.

Trátase de construír unha serie de pezas que funcionen a modo de sombras chinesas e que se proxectarían en diferentes estancias do pazo e da súa contorna.

Xustificación da obra

Como comentei no punto anterior, quería unir tanto o concepto, o referente e o lugar desta actividade, ademais de que tivese relación coa ensinanza que estou aprendendo, que é o deseño gráfico.

O concepto deste ano é a luz, o espazo e o instante, conceptos que traduzo na miña obra da seguinte maneira:

- Luz: a obra depende totalmente da luz para poder visualizarse da maneira desexada.
- Espazo: atendendo ás posibilidades que ofrezan os espazos, proporanse distintas localizacións, formulándose incluso a posibilidade de que o espectador poida intervir movendo as pezas de lugar.
- Instante: dependendo do momento do día e do uso de luz natural ou artificial, a peza estará en continua transformación, sendo cada instante único.

Tomando como inspiración o carácter humanista da fotografía de José Suárez, gustaríame formular o meu proxecto como unha especie de xogo de participación colectiva, de maneira que as persoas presentes xoguen e cambien a obra ao seu antollo, acendendo, variando a intensidade dos focos, cambiando de lugar as pezas...

A nivel formal, por outra banda, interésame particularmente o traballo realizado por José Suárez na súa primeira viaxe ao Xapón, pola semellanza que atopo no seu xogo de sombras co meu proxecto.

Por último, cada unha das pezas estará inspirada no pazo, nas persoas que colaboren e nas emocións que vexa e sinta.

Referentes

Como referentes escollín:

- As sombras chinesas, creadas para narrar diferentes historias.
- Lotte Reiniger: cineasta alemá, famosa polas súas películas de animación con siluetas.

CENTRO: EASD ANTONIO FAILDE

NOME E APELIDOS: FIANA LEILÍA LAMAS RODRÍGUEZ

Ebanistería artística

PROXECTO

A SOMBRA DO MAR

Punto de partida: Inspiracións e referentes

O xeito no que se abordou este proxecto foi a busca de puntos en común entre o tema proposto, Luz: espazo e instante, e a figura homenaxeada nesta edición dos Encontros, o fotógrafo José Suárez (1902-1947).

A fonte principal de inspiración deste traballo foi a serie Mariñeiros, de datación imprecisa nos anos 30. Nesta serie podemos ver algunhas características do autor con respecto á maneira de plasmar as luces e contrastes nas súas fotografías. José Suárez móstrase como un mestre á hora de conseguir os brancos máis puros e enfrontalos directamente coas sombras mais contundentes.

A premisa de espazo e instante evocoume a idea das instalacións artísticas, e enlazando co ámbito da fotografía atopamos figuras como Irving Penn (1917-2009). Este fotógrafo estadounidense foi unha das primeiras entidades en propor un fondo neutro á hora de elaborar retratos, xogando non só coas tonalidades do fondo senón tamén coa súa forma, experimentando cos fondos en ángulo.

Seguindo esta idea da instalación tras o suxeito a fotografar, non nos resulta estraño este tipo de armazóns improvisadas, cuxo elemento central é unha tela normalmente branca, para resaltar cada detalle de luz e sombra no retrato. Este tipo de “lenzos” vémoslos na obra de Virxilio Viéitez (1930-2008), fotógrafo pontevedrés caracterizado precisamente polo retrato en ámbito colidían.

Xustificación da proposta

A idea que xurdiu de toda esta inspiración foi a construción dun biombo a partir de listóns de madeira, taboleiros derivados da madeira (MDF), corda e tela. Constaría de 4 follas abatibles, unidas a través de bisagras de piano, feitas en tres formas e medidas diferentes.

O obxectivo tanto dos materiais como das formas son a evocación dun ambiente náutico, reflexo directo da serie Mariñeiros de José Suárez, obra referente principal desta peza.

Os contrastes entre os xogos de luz que se darían ao atravesar esta a peza pretenden imitar o gran abano de luces nas fotografías do autor, divididos en 3 franxas neste biombo: unha parte inferior principalmente de sombra, a intermedia onde se apreciaría máis cantidade de luz, e a franxa superior cunha luz atenuada ao ser filtrada pola tela.

As técnicas necesarias para a elaboración desta peza proposta serían:

- Os ensambles, en canto ás unións dos listóns de madeira.
- O taladrado, en canto á elaboración da rede imitando ás de pesca.
- O claveteado, para a suxeición da tela en clara alusión as velas dun barco.
- O silueteado, para imitar as ondas do mar no MDF inferior, feito con caladora.

Este biombo pretende ser unha forma de interacción multimodal, tanto no plano escénico como no luminoso. A manipulación das súas follas proporcionará divisións rápidas e sinxelas de estancias varias, tanto en interiores como en exteriores. Estas divisións poden ter un gran número de formas, debido á súa versatilidade outorgada polas 4 follas do biombo.

NOME E APELIDOS: JOSE MANUEL DOMINGUEZ SOUTULLO

Especialidade: Deseño Gráfico

PROXECTO

LUZ, ESPAZO E INSTANTE

Conceptualización

Dado as características da temática, a miña proposta radica en facer un libro pop-up onde se implemente o xogo coa a luz e obra do autor.

Isto ten como eixo central crear unha experiencia inmersiva na obra de José Suárez, onde recortes, despliegues e inxeniería do papel traballan en conxunto coa fotografía para crear unha especie de caderno de bitácora do autor, onde a medida que pasas as páxinas, ves como a luz viaxa a través da páxinas e por ende da súa vida.

En canto ao apartado técnico, as dimensión serían dún libro tamaño A5 (este plegado tendo un tamaño folio A4), onde realizaría unha cuberta que faría de guiño a ese caderno de bitácora, tendo unha portada deseñada e impresa previamente.

Logo a tripa do mesmo contería 4 pliegos no que realizaríase diferentes pop-ups facendo guiño a unha selección de fotografías, nas que dende miña ollada persoal, permiten máis xogo e condensan mellor cada etapa do artista, dende a serie de Mariñeiros na costa do Morrazo ata a súas viaxes a Xapón.

Cada pliego a parte de ter unha construción diferente, dalgunha maneira estaría vinculado a esa ollado e maneria de mirar del, sendo a luz o recurso que xunto cos recortes de papel daría profundidade e unha capa de significado a fotografía, impresa previamente para ser recortado ou adosado ao pliego.

Despois, os pliegos xuntaríase para conformar a tripa de este e ter un libro enteiro, no a posteriori eu encuadernaría para respetar o xogo, o tamaño dos pliegues e o acabado, para así ter o produto final, un libro no que usuario interactúa coa obra e a “luz” que atravesada obra do autor.

NOME E APELIDOS: PATRICIA MORALES SANCHEZ

PROXECTO

Propuesta artística

Una pieza escultórica en cerámica que trata la luz como generadora de imagen.

Inspirada en la obra del fotógrafo José Suárez y en su manera de entender la luz como elemento de revelación, trasladando el lenguaje fotográfico al ámbito tridimensional.

La obra se materializa en una escultura cerámica de carácter orgánico, a medio camino entre lo natural y lo simbólico, como un cuerpo que contiene y emite luz. En su interior se integrará un sistema de iluminación acompañado de un elemento de reflexión mediante espejos, que permitirá dirigir y expandir la luz hacia el exterior.

La superficie de la pieza estará trabajada mediante perforaciones. De este modo, la luz no solo ilumina el objeto, sino que lo atraviesa y se proyecta en el espacio, generando una composición de sombras sobre la pared. Estas proyecciones funcionan como una imagen expandida que completa la obra.

La propuesta parte de la luz como elemento que no solo hace visible, sino que construye la imagen.

En esta pieza, la escultura no se entiende como un objeto cerrado, sino como un dispositivo que activa el espacio a través de la proyección.

Tomando como referencia la fotografía, en lugar de capturar la luz sobre una superficie, se libera la luz para que sea esta la que dibuje en el entorno. Así, la pared se convierte en un plano de proyección donde aparece una imagen efímera, cambiante y dependiente de la posición del espectador.

La incorporación de espejos en el interior de la pieza permite controlar la dirección de la luz, entre el interior del cuerpo y su expansión hacia el exterior.

Trayectoria y proceso

La propuesta nace de mi trayectoria en el ámbito de la imagen y el volumen. Soy fotógrafa, lo que determina mi forma de entender la luz como herramienta principal de construcción visual.

Paralelamente, cuento con formación en escultura y actualmente curso estudios de cerámica, disciplinas que me permiten abordar la materia desde una perspectiva plástica y experimental.

Este proyecto surge con la intención de integrar estos tres lenguajes (fotografía, escultura y cerámica) en una única pieza, explorando sus puntos de encuentro.

Resultado esperado

El resultado será una pieza escultórica lumínica que, además de funcionar como objeto, genera una imagen proyectada en el espacio. La obra propone una reflexión sobre la luz como elemento que establece un vínculo entre el material cerámico y la imagen.

NOME E APELIDOS: CLAUDIA PEREZ CORRAL

PROXECTO

A URRACA

Miro a obra de José Suárez e quedo coas imaxes que máis me atravesan. As da neve e as das redes de pesca; ambas cobren a luz e a paisaxe, e reflicten.

Quero abrazar estas ideas e estudalas na miña hipotética estadía.

a neve é instante

e a rede é permanencia.

no máis fondo,

as redes tamén se cobren de branco,

esquecendo o seu oficio.

Xa non hai diferenza:

todo é caída,

todo é silencio,

todo é un tecido suave e brillante.

O sesgo da observación

Observo o que brilla, o que a urraca gardou no seu peteiro, o que reflicte a luz, o que brilla desde arriba. Os tesouros dunha, doutra, de todas nós.

A partir dos tesouros propios da urraca (eu mesma) e do resto das persoas coas que compartir a residencia, construír o seu niño: unha instalación onde habitar.

A instalación reflectiría a luz da mañá e do solpor nas súas xemas e pezas brillantes, xerando un dobre espazo: o tanxible e o visual.

NOME E APELIDOS: **ARIADNA MAR CASTRO ARASME**

PROXECTO

Fotosensible é unha serie fotográfica intervida en *mixed media* que nace da necesidade de evidenciar a paixón humana pola autenticidade, pola luz, fronte a un mundo que se empeña en vivir en cavernas.

Pretende empregar o concepto de luz como metáfora da iluminación que experimentamos as persoas a través da reflexión e da creatividade. Crea un paralelismo coa luz como pensamento crítico, coa razón tal e como se puido entender, por exemplo, na Ilustración. Tamén, de maneira intrínseca, a presenza da luz crea unha contraposición coa súa ausencia, mostrando a loita contra as sombras que se cernen sobre a nosa era moderna.

Mentres a cultura da ignorancia e o antiintelectualismo gañan adeptos entre a xente máis nova, que nos queda a aquelas persoas que somos sensibles á luz? Nada se comparará nunca co proceso humano, porque se o perdemos, nós tamén nos converteremos en máquinas.

A través de composicións que existen entre o plano físico e o dixital, hai dúas forzas que se enfrontan en contraste: a sensibilidade humana á luz e a frialdade da máquina.

Trataríase de imaxes que poderían funcionar de maneira independente, pero que se complementan e amplían o seu significado de lectura ao presentárense xuntas.

A cantidade de imaxes que compoñan a serie dependerá do tempo dispoñible para a súa realización. Aquí propóñense, como base para exemplificar o funcionamento da proposta, tres composicións, que poden ser finalmente as realizadas ou non.

Cada composición pode conter diferentes capas de traballo, referenciando as distintas realidades que se cernen sobre o concepto da luz como razón. Cada unha destas capas estará realizada con técnicas diferentes. Estas son algunhas posibilidades coas que me gustaría experimentar:

CAPAS DE TRABALLO

Escaneado

Pódense crear texturas nun escáner a partir de obxectos diversos. Superpoñendo estas imaxes escaneadas dixitalmente sobre as fotografías pódense falsear efectos de dobre exposición.

Collage

Por outra banda, empregaranse técnicas físicas de collage. As imaxes imprimíranse nun tamaño A4 e aí comezará realmente o xogo: coser, rasgar, pegar, raiar... A idea é deixar unha pegada humana e manual, que é precisamente o que se quere evidenciar con este proxecto.

A estética relaciónase cos tons do papel natural e con esa sensación de espido. Ao mesmo tempo, refórzase o surrealismo a través da superposición de imaxes aparentemente inconexas.

CENTRO: EASD MESTRE MATEO

NOME E APELIDOS: **CARLA DURO**

NOME E APELIDOS: **CLAUDIA BARBEITO VILACOBA**

NOME E APELIDOS: **LEONOR VAZQUEZ VEIRA**

NOME E APELIDOS: **TERESA CEBEIRO POZO**

PROXECTO

JOSÉ SUÁREZ LUZ . ESPAZO . INSTANTE

A obra de José Suárez constrúe unha Galiza silenciosa, feita de presenza humana, territorio e tempo suspendido. Na súa mirada a **luz** non describe, suxire. O **espazo** non se enche, respira. O **instante** non se detén, apenas se insinúa. O mar como territorio, como camiño e como ausencia percorre a súa obra. Nas súas imaxes, Galiza parece habitada por xestos silenciosos, polo traballo, pola espera e a relación entre as persoas e a paisaxe. Este proxecto nace como un diálogo en feminino con esa mirada e sensibilidade. Miradas contemporáneas exploran o territorio galego tendo a obra de José Suárez como eixo principal. Pretendemos achegar unha interpretación contemporánea do territorio galego, non dende a representación directa, senón dende a memoria, a experiencia e a emoción. Xuntas construiremos unha pequena cartografía sensible onde Galiza se revisita dende outras miradas. Non hai un porto final, só un navegar compartido entre pasado e presente, entre a pegada de José Suárez, e as novas miradas que observan, descubren e habitan as paisaxes. **1** vento identidade feminina memoria colectiva mirada viaxe territorio mar paisaxe silencio luz

O PROXECTO Tendo en conta a relación de José Suárez con Xapón, pretendemos afondar na estética xaponesa outorgando as nosas imaxes sensibilidade, sobriedade e relacionalas co concepto de Ma entendido como o espazo baleiro e as pausas visuais que deixan respirar a imaxe, transmitindo calma, soedade, contemplación, elegancia e tempo suspendido. Neste diálogo entre Galicia e a sensibilidade oriental, a simplicidade, a asimetría e o baleiro constrúen unha narrativa visual contida. Non hai espectacularidade, senón atención ao esencial: a luz que pasa, o espazo que acolle, o instante que desaparece. A **luz** será suave,

lateral, filtrada. Non busca o contraste dramático, senón a gradación, a penumbra, a materia que se revela lentamente. As sombras convértense en parte da imaxe, como lugares de calma e contemplación. O **espazo** actúa como elemento activo. As figuras pequenas, os horizontes abertos e o baleiro visual permiten que a imaxe respire.

O silencio convértese nunha presenza, e o territorio, nunha experiencia máis emocional que descritiva. O **instante** maniféstase en xestos mínimos: unha tea movida polo vento, unha pausa, unha presenza apenas suxerida. Non hai acción explícita, senón tempo suspendido, continuidade e memoria. As fotografías presentaranse impresas en tea. O lixeiro movemento do tecido introduce o aire, o mar e a idea de viaxe. Cada vela funciona como fragmento autónomo, pero tamén como unha parte dunha cartografía común. As velas móvense lentamente, a mirada continúa. **2** As catro pertencemos ao Equipo de dinamización da lingua galega, polo que queremos integrar a lingua galega no noso proxecto. Pensamos que lingua, mar e memoria forman unha unidade moi coherente coa obra de José Suárez e ao introducir palabras galegas reforza a identidade e engade unha poética sutil. A idea é integrar palabras e simboloxía mariñeira como bordados moi pequenos, situadas preto dun borde, como se fosen marcas de navegación só descubertas ao achegarse. Introducimos os bordados como xeito interdisciplinar cos estudos de Moda, xa que unha das nosas titoras imparte clase en ditos estudos. Faremos unha escolma de palabras poéticas ligadas a tradición mariñeira; nordés, marusía, singradura, mallouco, ancoradas, ronsel, matalote... ou/e pequenos refráns; Ceo pedrento, chuvia ou vento - lúa posta, vazo na costa... Teremos en conta a diversidade léxica que apenas sobrevive nas diferentes zonas costeiras, un exemplo salientable é o pobo de A Garda, cunhas características concretas; uso do seseo e a gheada e a proximidade con Portugal o que leva á utilización dun léxico casi exclusivo da zona, como lavañeira, peneireiro, cinghar, andazo, testeiro... Neste mesmo territorio sobrevive a tradición pesqueira na que os mariñeiros marcaban os seus barcos e artiluxios tallando símbolos nas boias de corcho. Cada familia ten a súa propia marca, que vai mudando co paso do tempo, engadindo pequenos detalles e sendo esta unha fermosa herdanza interxeracional. **3** Outra zona a ter en conta en canto ao léxico é Ferrol e a súa comarca, con terminoloxía propia

relacionada coa pesca, as embarcacións, o clima e a vida en xeral; atalingar, rañeiros, atadora, caramuxa...

PROPOSTA As imaxes impresas en tea estarán suspendidas, nun formato para crear unha instalación lixeira e poética. As estruturas de tea suspendida funcionan ben porque o tecido é lixeiro e permite crear movemento e profundidade, transformando o espazo nunha experiencia visual inmersiva. Contemplación silenciosa. A) Velas á deriva: teas coas imaxes e bordados en vertical de aproximadamente 70x90 cm colgadas con fío transparente (tanza) e a diferentes alturas lixeiramente desprazadas creando unha sensación de deriva, vento e silencio encaixando coa asimetría e o baleiro da estética xaponesa. B) O lugar da colocación será nun espazo interior pero preto dunha ventá cunha corrente suave provocando movemento pero con control. As primeiras velas irán colocadas un pouco máis altas que as últimas para crear unha sensación de profundidade. Quen entra na sala percibirá as teas como velas flotando e a sensación de silencio, aire, reflexión e poderá ler as palabras ao achegarse. Do mesmo xeito para crear unha experiencia moito máis rica e unha obra interdisciplinar contactaremos co alumnado do Conservatorio Superior de Música de A Coruña que vaia participar nos Encontros, para elaborar unha peza musical que acompañe ás fotografías no momento da presentación da exposición.

CENTRO: FACULTADE BELAS ARTES, UVIGO

FACULTADE DE DESEÑO, UVIGO

NOME E APELIDOS: MARINA ALVAREZ CARNERO

PROXECTO

RESUMO DO PROXECTO

A proposta consiste na construción dun arquivo visual e corporal que documenta o xesto como acontecemento efémero, transformándoo nunha pegada material durante os días da residencia para dar lugar a unha instalación performativa en relación coa memoria do espazo. Para iso, recóllense as siluetas dxs participantes e outros elementos sobre teas semitransparentes, empregando unha agulla semiautomática e fíos como ferramenta de rexistro.

O proxecto desenvólvese incorporando a contorna como elemento activo a través dunha metodoloxía baseada na experimentación e na colaboración interdisciplinar, onde se integran organicamente as achegas da música, da acción dramática, a coreografía e as artes visuais. O resultado final será unha instalación escénico-plástica amosada na xornada de portas abertas, entendendo o proceso de creación como unha forma de investigación e coñecemento.

CENTRO: FACULTADE BELAS ARTES, UVIGO

FACULTADE DE DESEÑO, UVIGO

NOME E APELIDOS: **JIMENA ARENAS COSTAS**

PROXECTO

Resumen del proyecto: el proyecto, *sale el son dentro del invernadero* articula una investigación sobre la [post]naturaleza, entendida como una sensibilidad que desplaza la visión idealizada del entorno hacia la comprensión de sistemas híbridos en mutación. La propuesta subvierte la taxonomía tradicional de la materia, donde polímeros, cemento y restos botánicos pierden su rigidez categórica para constituirse como "**agentes vibrantes**" (Bennett, 2022). Al disolver la dicotomía entre lo crudo y lo cocido de Lévi-Strauss, la práctica sitúa los materiales en un tránsito donde lo industrial adquiere caducidad orgánica y lo vegetal se artificializa.

La intervención se materializa en un invernadero [post]natural concebido para el Pazo de Mariñán; un dispositivo-membrana que evidencia la mediación necesaria de lo natural. Aquí, la luz actúa como principal activador, transformando la instalación en un proceso temporal y relacional, alejado del objeto estático. En diálogo con mi formación musical, el espacio se proyecta como una **partitura resonante**, donde la fricción matérica genera una dimensión sonora inherente. Siguiendo a Latour y Morton, la obra no busca representar un ecosistema, sino producir una realidad donde lo biológico, lo técnico y lo sensible se entrelazan de forma inseparable, habitando la inestabilidad como condición efectiva.

CENTRO: FACULTADE BELAS ARTES, UVIGO

FACULTADE DE DESEÑO, UVIGO

NOME E APELIDOS: **WILLIAM EVANS e CRISTINA RUS**

PROXECTO

O que habita nas sombras

A nosa proposta consiste en dúas actividades a levar a cabo nas xornadas da residencia. Inspirándonos no pasado do Pazo, queremos iluminar a súa historia e lembrar a aqueles que fixeron posible que a súa realidade —física e social— se puidéra manter.

A primeira actividade, *Reflexión*, utilizará uns espellos para levar a cabo unha instalación colectiva que bote luz sobre os rincóns máis oscuros do interior do Pazo. Todos os participantes convidados ó pazo formarán parte do seu montaxe, facendo que a luz solar salte dun espello a outro ata acadar o seu destino final. Esta proposta depende da luz natural do sol e portanto só poderá verse durante un breve período de tempo cada vintecatro horas.

A segunda obra consiste nun dispositivo móbil lúminico feito cunha placa Arduino programada para activar o seu sistema de luz ó detectar son. Este será colocado nun espacio por decidir durante a residencia que estea conectado simbólicamente coa historia do pazo. En colaboración cos outros colectivos partícipes da residencia, incluíndo os seus músicos, compoñeráse unha peza sonora coa que poder activar o funcionamento de dito dispositivo. O alumbramento e o son ofrecerán unha visión distinta do espazo no que se expondrá unha conexión co seu entorno baseada nunha experiencia multisensorial.

CENTRO: FACULTADE BELAS ARTES, UVIGO

FACULTADE DE DESEÑO, UVIGO

NOME E APELIDOS: CELIA GUERREIRO e SARA MALLO

PROXECTO

O noso proxecto consiste na experimentación entre a luz e a ausencia dela coas cianotipias. Pretendemos có noso traballo non recoller só a incidencia da luz sobre o papel, se non tamén a ausencia desta a través das siluetas creadas por exemplo pola sombra das árboles, a forma do marco das ventás ou unha escultura do xardín, (por exemplo). Creemos que a cianotipia e a técnica que nos permite estudar a interacción da luz e o espazo con máis liberdade, e que se presta á experimentación para tratar de comezar a entender dun xeito novo aquilo que nos rodea. Mais alá disto, queremos profundizar no concepto da sombra en si. Tras conversar sobre o concepto, comezamos a ver a sombra coma un refuxio. Na cianotipia, sen ir mais lonxe, o que se ve é a forma do que non toca o sol, a parte que se esconde. Falamos de xeitos de ocultarse e protexerse. Outra forma de reflexionar sobre a sombra é o instante. Moitas veces a sombra é efémera, depende, por exemplo, do movemento do sol, do grande das ventás ou da cantidade de nubes. Decerto xeito, é froito do azar e da brevedade do momento.

CENTRO: FACULTADE BELAS ARTES, UVIGO

FACULTADE DE DESEÑO, UVIGO

NOME E APELIDOS: **ANDREA MOSQUERA GUERRERO**

PROXECTO

Soño con poder flotar

O proxecto *Soño con poder flotar* propón unha instalación que investiga a relación entre luz, sombra, son e espazo desde unha perspectiva sensorial e en constante transformación. Parte da captación de imaxes efémeras (reflexos e sombras) mediante o uso do teléfono móbil como ferramenta de rexistro inmediato. Estas imaxes son posteriormente impresas en papel vexetal e transformadas en superficies translúcidas a través de resina epoxi, xerando corpos materiais que conservan o seu carácter inestable.

Durante o proceso, incorpóranse novos rexistros audiovisuais realizados no espazo de traballo, incluíndo gravacións de luz en movemento e son ambiental. Estes elementos proxéctanse sobre as pezas, establecendo un diálogo entre o fixo e o cambiante, entre a imaxe detida e o tempo en tránsito.

A instalación resultante funciona como un arquivo vivo de destellos, onde a percepción se activa a través da superposición de capas visuais e sonoras. O proxecto explora así o efémero, o suspendido e o intanxible, proponendo unha experiencia inmersiva na que o espazo non é estático, senón que flutúa e se reconfigura continuamente.

CENTRO: FACULTADE BELAS ARTES, UVIGO

FACULTADE DE DESEÑO, UVIGO

NOME E APELIDOS: **ARIADNA PEREIRA CAMPOS**

PROXECTO

Proposta para a convocatoria de 2026 Xa que o homenaxeado este ano pola Real Academia Galega de Belas Artes é José Suárez, propónse un proxecto fotográfico baseado na contraposición da perspectiva occidental e a perspectiva oriental da luz, sabendo que nós priorizamos a luz e eles, a sombra. O proxecto, inspirado no ensaio *O eloxio da sombra* de Junichiro Tanizaki, desenvolveríase no Pazo de Mariñán e estruturaríase en dous bloques temáticos ben diferen-ciados. O primeiro captaría as entradas de luz natural no interior do pazo: fiestras, bufardas e fendas por onde a claridade pode coarse; mentres que o segundo, caracterizaríase por ser a protagonista a sombra, concretamente as sombras proxectadas do propio pazo sobre superficies exteriores como vexetación, muros e pedras. Para dotar o traballo de coherencia, repetiríanse as tomas en distintos momentos do día e dende a mesma posición, rexistrando así a evolución da luz. As imaxes serían editadas en branco e negro, elevando o contraste para in-tensificar a mensaxe visual e eliminar elementos distractores. O resultado presentaríase nun fotolibro ou fanzine en formato A5/A6, con textos propios e separación física entre as dúas partes mediante materiais diferentes. Como alternativa, se non dera tempo suficiente, poderían presentarse en dípticos onde se relacionasen luz e sombra. En caso de mal tempo, o traballo centraríase no interior do pazo, buscando a penumbra característica descrita por Tanizaki. Non obstante, para entender mellor a estética que se buscaría para o fotolibro e do tipo de fotografías que se propoñen, engádense dúas fotografías, unha dun fotógrafo referente e outra proba propia.

CENTRO: ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA

NOME E APELIDOS: ELENA IGLESIAS ARAUJO

NOME E APELIDOS: JUAN NICOLÁS CASTRO GUERRINI

NOME E APELIDOS: CARLOS GONZÁLEZ GONZÁLEZ

NOME E APELIDOS: ESTELA ROCHA LÓPEZ

NOME E APELIDOS: HELENA ÁLVAREZ VELÓN

PROXECTO

A acción-peza artística proposta para desenvolver en Mariñán é a creación dunha topografía plástica e sonora sobre as variacións de temperatura rexistradas nos xardíns do pazo.

A luz na ría de Betanzos transfórmase en calor fragmentado, como experiencia sensible pola vexetación, a auga e máis a pedra. As árbores do pazo, os seus muros e pavimentos, os camelios ou a herba, ca auga da ría e máis as fontes, componen un tapiz sensible transformando a luz e a temperatura xerada.

A partir das medicións de termómetros dixitais vaise elaborar unha maqueta-mapa que recolla as condicións de luz e vexetación e as súas interaccións. A retícula xerada pola traza do topiario do xardín francés do pazo servirá de base para a elaboración dunha peza na que queden rexistradas, de modo expresivo, as diferentes temperaturas, nunha imaxe viva do pazo e máis da súa contorna como receptor de luz traducida en temperatura, como un ser vivo que acolle vida. Cos resultados e as formas xeradas preténdese unha traslación sonora dos diferentes vectores, e máis unha interpretación bailada-interpretada, nun percorrido no que se convidará a participar aos residentes e máis aos visitantes na xornada de portas abertas.

A composición sonora, creada a partir do mapa topográfico de temperaturas, ten como referencia a obra do compositor e teórico americano John Cage. Para isto expoñeremos estas intencións, nas datas previas da residencia en Mariñán, para convidar aos participantes dos conservatorios de música de danza a incorporarse a este proxecto.

CENTRO: ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

NOME E APELIDOS: ANA MORALES DAPONTE

NOME E APELIDOS: NOELIA VILA NUÑO

NOME E APELIDOS: XIANA GONZALEZ PICO

NOME E APELIDOS: NUNO COUSO BERMÚDEZ

PROXECTO

ONDE ESTÁ A LUZ?

Con motivo das convocatorias da 7ª Edición das Residencias de Creadores e Creadoras Emerxentes no Pazo de Mariñán, no ano 2026, propoñemos a nosa candidatura conformada polo seguinte alumnado: Ana Morales Daponte, de 3ª de Escenografía; Noelia Vila Nuño, de 3ª de Dirección Escénica e Dramaturxia; Xiana González Pico, de 3ª de Interpretación Xestual; e Nuno Couso Bermúdez, de 3ª de Interpretación Textual.

Onde está a luz? é un proxecto que parte das seguintes palabras chave: o cotián, as redes, a identidade e o artesan.

Onde está a luz? nace da necesidade fundamental de crear un acto de esperanza. Cara a onde debemos enfocar a mirada para atopar a luz? Onde reside a claridade nun momento no que semella non haber ningunha? Esta é a nosa resposta: no cotián. Naquilo que acontece no día a día e que, malia parecer pouco relevante, é o que realmente sostén a vida. Tal e como retratou José Suárez: a dignidade dos mariñeiros, a forza das mulleres nas súas tribos ou o teatro noh. Trátase desa mirada que volve á orixe, de recuperar o esencial nunha sociedade tan inmersa no ruído. O cotián, ese espazo que tantas veces foi privado de atención e visión, é o que dá alimento á vida. Permanece agochado ata que lle damos luz e descubrimos que é belo. Por que é tan importante o cotián cando semella insignificante? Porque é o que nos vincula ao presente e ao simple; aquilo que non se adoita ver, pero que ten o poder de volver a afianzarte. Tal e como facía José Suárez.

Onde está a luz? atopa unha oportunidade idónea no Pazo de Mariñán para poder traballar co performativo, coa plasticidade dos corpos e a luz, nas entornas naturais dos arredores

como o labirinto, o invernadoiro, as fontes, a parte exterior da capela e a ría. Para levar acabo este proxecto temos interese no uso dun proxector convencional, dun proxector de transparencias ou doutros dispositivos de proxección. Tamén temos interese no uso de altosfalantes, focos led, e de micrófonos, pero temos unha visión moi flexible no aspecto tecnolóxico debido a dimensión do tempo e ás características das exhibicións no exterior. Ademais, temos o compromiso firme de que a peza que naza en xuño de 2026 non quede encerrada nos muros do pazo; a nosa ambición é que este proxecto medre e siga con vida para habitar espazos non convencionais. Dado que o tema é A LUZ e a figura de José Suárez, o noso obxectivo é establecer contacto co Concello de Allariz —vila natal do fotógrafo e epicentro do Día das Artes deste ano—.

A nosa intención ao acabar en Mariñán é solicitar unha nova residencia artística nalgún espazo do municipio para terminar de crear e montar o traballo e, finalmente, facer a estrea do espectáculo en Allariz. Cremos que é o lugar natural onde o noso diálogo coa obra de Suárez debe ver a luz, devolvendo a súa mirada á terra que o viu nacer.